



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 8 de maio de 2019**

1. Apróbanse os borradores das actas das sesións ordinarias do 17 e o 24 de abril de 2019.
2. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Instalación de mobiliario urbano na rúa Alcalde Ezequiel Massoni”, cun orzamento total, con IVE, de 53.592,04 euros, cofinanciado con cargo á subvención, por importe de 48.431,05 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
3. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Renovación da rodadura da vía de praias (Aguete)”, cun orzamento total, con IVE, de 136.523,91 euros, financiada con cargo á subvención, polo mesmo importe, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda de planta soto e baixa no lugar Bagüín-Mogor, Marín.
2. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, por importe de 133.960,50 euros, equivalente aos custos salariais dos/as traballadores/as contratados, máis a cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para a realización da obra ou servizo “Apoio ao servizo de obras públicas”.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002ECB400B905H8B8X3S2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190191668
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/05/2019 15:23:30	Fecha: 15/05/2019 Hora: 15:23

